



## A intervención con mulleres que viven en contextos de prostitución e/ou son vítimas de trata con fins de explotación sexual

---

Lourdes Pazo

O Programa Vagalume naceu no ano 1993, a instancias das irmás Oblatas e co apoio de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para dar resposta por aquel entón ás necesidades das mulleres que exercían a prostitución na rúa do Pombal de Compostela. Os cambios sociais que se foron dando coa entrada da inmigración no país afectaron tamén á prostitución e pasouse dunha prostitución asociada fundamentalmente á exclusión social, a marxinalidade e as adiccións a outra xa nos inicios dos anos 2000 ligada ao propio progreso económico que por entón se estaba dando dentro do Estado español e por tanto aos propios procesos migratorios das mulleres que proviñan de Latinoamérica e que atoparon na prostitución un modo de saír da pobreza.

O que nun principio foi un Programa fundamentalmente asistencialista ao que acudían sobre todo mulleres españolas ou portuguesas, deses ambientes marxinais, foi mudando e acomodando a súa atención a unhas demandas cada vez máis complexas asociadas a unha poboación sobre todo inmigrante que ía ocupando os espazos da prostitución que comezaban a destacar na xeografía galega: os clubs de estrada, lugares illados, onde a muller se convertía a súa vez nunha persoa «invisible» para o resto da cidadanía. O perfil da muller a partir de entón é o dunha muller nova, que ten a súa orixe nun país latinoamericano (República Dominicana, Colombia, Brasil, Paraguai), Romanía ou Nixeria, cun nivel baixo de estudos, con cargas familiares non compartidas, en definitiva, mulleres que deixan atrás nos seus países de orixe situacións de pobreza, exclusión, discriminación e en moitos casos violencia. Hai que constatar que o perfil vai variando, pero sempre cunha constante, a situación